



ESCOLLENDO EN 4º ESO...

Neste curso adicamos varias sesións de tutoría a falar sobre elección vocacional, fixemos un test de Preferencias Profesionais... e tivemos algunha que outra conversa. Non é para menos: **elexir a profesión** á que adicarnos no futuro é unha decisión importante. O traballo é esencial na nosa vida polo tempo que nos ocupa, por ser imprescindible para unha vida autónoma e independente e, sobre todo, pola súa importancia no desenvolvemento das persoas.

Tomar unha decisión errónea vai significar, como mínimo, ter que retroceder un pouco e voltar a tirar por outro camiño. Con certa frecuencia parece que nos equivocamos e nos temos que replantexar decisións previamente tomadas... Vale, ningún drama, pero si unha certa contrariedade e, ás veces, unha perda de tempo. Paga a pena tomar o asunto coa seriedade que se merece...

Aquí vos deixo, resumidos, uns cantos detalles que de seguro xa se falou nalgunha tutoría.

¿EN QUE BASAR A ELECCIÓN DE PROFESIÓN?

Autocoñecemento de características persoais

- intereses profesionais**: que profesións te gustan, segue as túas paixóns
- valores**: que te move, que é importante para ti
- capacidade de esforzo**: quen quere pode...
¿estás disposto a apostar?
- aptitudes e habilidades**: que ninguén te marque teito, pero hai cousas que se te dan mellor

Información a ter en conta

- requisitos para **acceder á formación** necesaria: accesibilidade, custe económico...
- composición dos **estudos** (plan, asignaturas)
- perfil profesional**: titulación e desenvolvemento profesional posterior

RUTAS EDUCATIVAS QUE CONVÉN RECORDAR

No documento “Recordatorio organigrama LOMCE” tes un esquema cos enlaces duns estudos a outros.

OUTROS ASPECTOS IMPORTANTES

-Se non o tes moi claro elixe deixando abertas ao máximo as túas [posibilidades](#): decídete por algo que te permita máis opcións, en vez de algo máis especializado. Non esquezas os [graos abertos](#).

-[Idiomas](#) e [informática](#) son unha formación complementaria útil para calquera profesión, e valorados en todas as empresas.

-Funcionar ben en [equipo](#), ser unha persoa capaz de establecer e manter relacións sociais cos demais é altamente valorado.

MÁIS INFORMACIÓN

-Calquera membro do [profesorado](#), [titores/as](#) e [orientador](#) che podemos dar máis información específica se a precisas.

-Hai datos que só poderás obter nos [centros de destino](#).

-[Coñecidos e familiares](#) que coñezan ben unha profesión.

-Nesta mesma páxina tes un documento con [links](#) potencialmente interesantes.

... E outros links a [novas relacionadas](#) con cuestións laborais, emprego, profesións... Engádese o ano de publicación para que as ubiquedes no tempo.